

6.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 4: Describir un obxecto

Actividade 1

Enunciado: Rodea e indica a regra que seguen para a súa formación.

- Felizmente o accidente non foi grave, ninguén sufriu feridas.

Engade -mente a un adxectivo.

- Colleu rápido as chaves e pechou a porta velozmente.

Utilizar un adxectivo como adverbio e engadir -mente a un adxectivo.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre reconece os adverbios e as regras para a formación de adverbios.	A miúdo reconece os adverbios e as regras para a formación de adverbios.	De cando en vez reconece os adverbios e as regras para a formación de adverbios.	Non forma reconece os adverbios e as regras para a formación de adverbios.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Cóñece as regras para a formación de adverbios.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 2

Enunciado: Forma adverbios a partir destas palabras.

rápida **rapidamente** afortunada áxil **axilmente**
cómoda **comodamente** **afortunadamente** soa **soamente**
total **totalmente** real **realmente**
tal **talmente** igual **igualmente**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre forma adverbios segundo as regras para a súa formación.	A miúdo, forma adverbios segundo as regras para a súa formación.	De cando en vez, forma adverbios segundo as regras para a súa formación.	Non forma adverbios segundo as regras para a súa formación.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece as regras para a formación de adverbios.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 3

Enunciado: Escribe a diferenza entre estas parellas de palabras.

- Óso/oso

Óso (parte do corpo); oso (animal).

- Dá/da

Dá (verbo dar); da (da+a).

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre coñece a función da acentuación diacrítica.	A miúdo coñece a función da acentuación diacrítica.	De cando en vez coñece a función da acentuación diacrítica.	Non coñece a función da acentuación diacrítica.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece a función da acentuación diacrítica.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 4

Enunciado: Escolle a palabra correcta para completar as oracións.

- O oso mancou un pé ó intentar saír fóra da gaiola.
- A miña avoa córtalle as ás polas para que non escapen do galiñeiro.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre emprega correctamente a acentuación diacrítica.	Frecuentemente emprega correctamente a acentuación diacrítica.	Ás veces emprega correctamente a acentuación diacrítica.	Nunca emprega correctamente a acentuación diacrítica.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Emprega correctamente a acentuación diacrítica.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 5

Enunciado: Risca as formas verbais que non se correspondan coa definición.

- Presente de subxuntivo: **bañase** coman vivas **imaxinas** **temos** falemos
- Pretérito de indicativo: quedastes **plantaba** paseaches lin **comas** **abrira**
- Pospretérito de indicativo: **saías** falaríamos **escoitei** debería **facía** seriades
- Imperativo: estade **comedes** **cantar** vive falade vivide **irmos**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre identifica o tempo e o modo das formas verbais.	Con frecuencia identifica o tempo e o modo das formas verbais.	Ocasionalmente identifica o tempo e o modo das formas verbais.	Non identifica o tempo e o modo das formas verbais.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica o tempo e o modo das formas verbais.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en Sentido de iniciativa e emprendemento

Actividade 6

Enunciado: Analiza as formas verbais.

- Leramos 1.^a p. plural do antepretérito de ind. de ler.
- Viviredes 2.^a p. plural do futuro ind. de vivir.
- Soñemos 2.^a p. plural do imperativo.
- Lembrádeses 2.^a p. plural do pretérito de subx. de lembrar.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre analiza formas verbais de forma correcta.	A miúdo analiza formas verbais de forma correcta.	Ocasionalmente analiza formas verbais de forma correcta.	Nunca analiza formas verbais de forma correcta.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Analiza formas verbais.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 7

Enunciado: Describe o obxecto da ilustración.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre describe obxectos de forma clara e ordenada.	A miúdo describe obxectos de forma clara e ordenada.	Ás veces describe obxectos de forma clara e ordenada.	Difilmente describe obxectos de forma clara e ordenada.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Describe obxectos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en conciencia e expresión cultural

Actividade 8

Enunciado: Completa a táboa con cinco formas verbais para cada modo.
Resposta libre segundo o solicitado.

Indicativo	
Subxuntivo	
Imperativo	

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre identifica o tempo e o modo das formas verbais.	A miúdo identifica o tempo e o modo das formas verbais.	Ás veces identifica o tempo e o modo das formas verbais.	Non identifica o tempo e o modo das formas verbais.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica o tempo e o modo das formas verbais.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 9

Enunciado: Que é unha biografía?

É a historia da vida dunha persoa ou personaxe e está escrita en 3.^a persoa.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre coñece as características da biografía e redacta textos que podería formar parte dunha.	Con frecuencia coñece as características da biografía e redacta textos que podería formar parte dunha.	Ás veces coñece as características da biografía e redacta textos que podería formar parte dunha.	Non coñece as características da biografía e redacta textos que podería formar parte dunha.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece as características da biografía e redacta textos que podería formar parte dunha.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e emprendemento

Competencia en conciencia e expresión cultural

Actividade 10

Enunciado: Completa.

O **soneto** ten catorce versos hendecasilabos, divididos en **dous cuartetos e dous tercetos**. A rima dos **cuartetos** é **sempre igual** e a dos **tercetos** pode variar.

O **romance** non se divide en estrofas, está composto por **un número variable** de **versos octosilabos** con rima **asonante** nos versos **pares**.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre coñece e identifica os principais tipos de poemas.	Con frecuencia coñece e identifica os principais tipos de poemas.	Ás veces coñece e identifica os principais tipos de poemas.	Non coñece nin identifica os principais tipos de poemas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e identifica os principais tipos de poemas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en conciencia e expresión cultural

Actividade 11

Enunciado: Localiza no texto catro palabras con acento diacrítico e explica a diferenza que hai entre elas e as súas parellas sen acento.

A noite pasada, Anxo non **deixaba** de planear a excursión do día seguinte á presa de San Estevo nos Canóns do Sil. Pasaba o tempo pensando: «oxalá **faga** bo!, cómpre que meta a cámara de fotos na mochila, non **sei** se levar un xersei ou non, debería levar os zapatos vellos para que non me molesten no pé...». Á hora de deitarse **tiña** todo totalmente preparado, mais **esquecera** o máis importante: pór o espertador así que, esta mañá, mentres os seus compañeiros agardaban impacientemente a que chegara, el durmía tranquilamente.

Á (a+a), a (artigo; preposición). Cómpre (é necesario), comprar (verbo comprar). Pé (parte do corpo), pe (letra). Pór (poñer), por (preposición).

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre coñece a función da acentuación diacrítica.	A miúdo coñece a función da acentuación diacrítica.	Ás veces coñece a función da acentuación diacrítica.	Non coñece a función da acentuación diacrítica.

Estándar de aprendizaxe avaliable
Coñece a función da acentuación diacrítica.

Competencias clave
Competencia en comunicación lingüística
Competencia para aprender a aprender

Actividade 12

Enunciado: Escribe o acento diacrítico nas palabras que deban levalo:

- Se **vés** á miña casa e non ves a luz de **fóra** acendida **é** que non estamos.
- Mariña e Ana curáronlle as **ás** a unha pomba que atoparon ao **pé** da cerdeira.
- Saíu da casa con **présa**, mais non esqueceu **pór** a alarma.
- Non ves que o que **vén** pola estrada **é** o teu avó?

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre emprega correctamente a acentuación diacrítica.	A miúdo emprega correctamente a acentuación diacrítica.	Ás veces emprega correctamente a acentuación diacrítica.	Non emprega correctamente a acentuación diacrítica.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Emprega correctamente a acentuación diacrítica.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e emprendemento

Actividade 13

Enunciado: Localiza os adverbios de modo que aparecen no texto e indica a regra que seguen para a súa formación.

Totalmente, a partir dun adxectivo; Impacientemente, a partir dun adxectivo;
Tranquilamente, a partir da forma feminina dun adxectivo.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Localiza adverbios e coñece as normas para a súa formación.	A miúdo localiza adverbios e coñece as normas para a súa formación.	Ás veces localiza adverbios e coñece as normas para a súa formación.	Non localiza adverbios e coñece as normas para a súa formación.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece as regras de formación de adverbios.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 14

Enunciado: Completa as oracións cos adverbios de modo que mellor acaian.

Resposta libre.

- Xa tes _____ decidido a onde iremos nas Festas.
- O gato achegouse a min _____ para que o acariciase.
- O neno entrou _____ pola porta e sentou _____ na cadeira.
- _____ non poderei ir á festa.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Usa adverbios e coñece as normas para a súa formación.	A miúdo usa adverbios e coñece as normas para a súa formación.	Ás veces usa adverbios e apenas coñece as normas para a súa formación.	Non usa adverbios e descoñece as normas para a súa formación.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece as regras de formación de adverbios e o seu uso.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e emprendemento

Actividade 15

Enunciado: Responde.

- En que modo están os verbos do texto? **Indicativo e subxuntivo.**
- Para que se emprega cada un destes modos? **Indicativo, úsase para formar oracións enunciativas e interrogativas que presentan os feitos como reais. Subxuntivo, presenta un feito como non real. Indica dúbida, desexo, posibilidade ou vontade.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre identifica o tempo e o modo das formas verbais.	A miúdo identifica o tempo e o modo das formas verbais.	Ás veces identifica o tempo e o modo das formas verbais.	Non identifica o tempo e o modo das formas verbais.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica o tempo e o modo das formas verbais.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e emprendemento

Actividade 16

Enunciado: Que tempos se empregan para expresar unha acción que xa sucedeu?

Pretérito. Antepretérito. Copretérito. Pospretérito.

- Busca no texto un exemplo de cada e escríbeo indicando o tempo.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre identifica e analiza as formas verbais correctamente.	A miúdo identifica e analiza as formas verbais correctamente.	Ás veces identifica e analiza as formas verbais correctamente.	Non identifica e analiza as formas verbais correctamente.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Analiza formas verbais.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e emprendemento

Actividade 17

Enunciado: Escribe a descripción dun espectador.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre describe obxectos de forma clara e ordenada.	A miúdo describe obxectos de forma clara e ordenada.	Ás veces describe obxectos de forma clara e ordenada.	Difícilmente describe obxectos de forma clara e ordenada.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Describe obxectos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en conciencia e expresión cultural

Actividade 18

Enunciado: Que escribirías se fixeses unha biografía de Anxo?

Escribiría sobre a súa vida.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre coñece as características da biografía e redacta textos que podería formar parte dunha.	Con frecuencia coñece as características da biografía e redacta textos que podería formar parte dunha.	Ás veces coñece as características da biografía e redacta textos que podería formar parte dunha.	Non coñece as características da biografía e redacta textos que podería formar parte dunha.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece as características da biografía e redacta textos que podería formar parte dunha.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e emprendemento

Competencia en conciencia e expresión cultural

Actividade 19

Enunciado: Define.

- **Soneto:** ten catorce versos hendecasilabos, divididos en dous cuartetos e dous tercetos. A rima nos dous cuartetos é sempre igual: ABBA ABBA. A rima dos tercetos pode variar aínda que xeralmente é CDE CDE ou CDC DCD.
- **Romance:** non se divide en estrofas e está composto por un número variable de versos octosílabos con rima asonante nos versos pares (- a - a).

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre coñece e identifica os principais tipos de poemas.	Con frecuencia coñece e identifica os principais tipos de poemas.	Ás veces coñece e identifica os principais tipos de poemas.	Non coñece nin identifica os principais tipos de poemas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e identifica os principais tipos de poemas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en conciencia e expresión cultural